

BANDO

INDICACIÓNS PARA A REALIZACIÓN DE FOGUEIRAS CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO SAN XOÁN E SAN PEDRO NO CONCELLO DE PONTEDEUME

BERNARDO FERNANDEZ PIÑEIRO, ALCALDE DO CONCELLO DE PONTEDEUME

En cumprimento do establecido na lei 3/2007 de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e da lei 7/2012 de 28 de xuño, de montes de Galicia, **FAGO SABER QUE:**

Con motivo da celebración das festividadeas do San Xoán e do San Pedro nas tardes/noites dos días 23 a 24 e 28 a 29 de xuño, respectivamente, comunícase á veciñanza de Ponte deume que aquelas persoas que vaian prender unha fogueira, deberán presentar no Rexistro Xeral Municipal comunicación daquelas, mediante escrito que estará dispoñible no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica Municipal (<https://sede.pontedeume.gal/opencms/gli/informacion/>) e nas dependencias municipais (Rúa Real nº13). As ditas comunicacións poderán presentarse de xeito telemático na Sede Electrónica municipal (<https://sede.pontedeume.gal/opencms/gli/index.html>) ou no Rexistro Xeral do Concello de Ponte deume ((Rúa Real nº13), en horario de 09:00 a 14:00 horas, como data límite o martes 21 de xuño, co coñecemento e compromiso de cumprimento das seguintes normas:

- A fogueira estará situada a unha distancia mínima de 50 metros de vivendas, vehículos, instalacións, tendidos eléctricos ou telefónicos e zonas vexetais susceptibles de seren queimadas.
- A súa dimensión non superará os 4 metros de altura e os tres de diámetro.
- Non se queimarán residuos perigosos ou tóxicos tipo: neumáticos, aceites, plásticos, envases baleiros de aerosois, etc.
- Cando se faga a fogueira sobre terreos públicos asfaltados, lousados ou pintados, deberá protexerse o pavimento cunha capa de area en toda a superficie da fogueira de alomenos 10 cm de espesor.
- Disporase no lugar dun sistema de extinción de incendios axeitado á proporción da fogueira.
- A fogueira permanecerá vixiada ata a súa total extinción, que deberá ser asegurada empapando os restos totalmente con auga.
- No caso de que se levante vento que poida dificultar a vixilancia e a extinción da fogueira, esta deberá suspenderse ou apagarse de inmediato.
- O solicitante sempre será o responsable dos danos e prexuízos que a fogueira ocasione.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

NO CASO DE PROBLEMAS DEBERÁ CHAMAR AO 112.

O que se fai público para o seu coñecemento e debido cumprimento.

Grazas pola súa colaboración.

Documento asinado dixitalmente por Bernardo Fernández Piñeiro, alcalde-presidente, en Pontevedra a 8 de xuño de 2022.

